

Asociación de Grupos De  
Desenvolvemento Rural  
De Galicia

Rúa San Marcos, s/n  
15318 – Abegondo  
(A Coruña)



**2022**

## ANEXO 1: **FICHAS TÉCNICAS**

**AGADER**

Elaboración de 10 fichas técnicas sobre proxectos relacionados coa posta en produción da terra agraria, mediante o uso de ferramentas contidas na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia.



# Obxectivo

---

Elaboración de dez fichas técnicas sobre proxectos relacionados coa posta en produción da terra agraria en Galicia, incorporando, entre outros instrumentos, as Aldeas Modelo os Polígonos agroforestais, as Agrupacións e actuacións de xestión conxunta, así como as Permutas de especial interese agrario.

Amplíanse as fichas con documentación anexa relacionada para cada unha das fichas, co obxectivo de aportar maior documentación para que os Grupos de Desenvolvemento Rural poidan asesorar e informar a posibles interesados en poñer en marcha, nos seus respectivos territorios, iniciativas de aproveitamento da terra agraria, e non decaian posibles propostas por non atopar en quen apoiarse á hora de cubrir solicitudes ou aportar outra documentación.

# Glosario

**Aldea modelo:** instrumento voluntario de recuperación de terras mediante a realización de actuacións integradas para a recuperación da capacidade agronómica das tiaras circundantes a núcleos de poboación e asentamentos de poboacións situados no territorio rural galego, co fin de promover actividade económica ligada ó sector primario ó mesmo tempo que reducir o risco de incendios forestais. As actuacións poderán abarcar todo ou parte do núcleo rural da aldea co obxectivo da súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística.

**Área corta lumes:** área delimitada con criterios técnicos co fin de xerar discontinuidades da biomasa que freen ou mingüen o avance dos incendios mediante a implantación de actividade agrícola, gandeira ou forestal máis idónea para este fin.

**Parcelas encravadas:** aquelas parcelas nas que concorran algunha das seguintes actuacións:

- 1º. Que estean situadas no interior do perímetro doutra parcela ou conxunto de parcelas da mesma persoa titular ou posuidora dos dereitos de uso e se atope en situación de abandono ou infrautilización.
- 2º. Que separen dous ou máis parcelas do mesmo propietario de xeito que teñan límites con esas parcelas superiores ó 40 % do perímetro da parcela encravada.
- 3º. Que estean situadas no interior do perímetro conformado por parcelas pertencentes a varias persoas titulares e exista acordo entre elas para instar á permuta.

**Perímetro:** contorno lineal cerrado que abarca o conxunto da superficie das fincas incluídas na actuación. A estes efectos, os perímetros integrarán sempre parcelas catastrais completas. Os seus lindes virán determinados, ben por límites naturais ou artificiais, tales como límites administrativos, ríos, camiños ou vías de comunicación, ou ben por cambios notorios del uso produtivo. A determinación concreta dos límites do perímetro deberá ser xustificada sempre tecnicamente polas persoas solicitantes dos proxectos e aprobada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Poderanse excluír do perímetro determinadas parcelas por razóns produtivas, ambientais, patrimoniais e paisaxísticas.

**Polígono agroforestal:** instrumento voluntario de mobilización de terras que teñen por obxecto o aproveitamento e a recuperación produtiva de parcelas que se encontran en estado

de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa viabilidade, contando con la existencia de axentes promotores públicos ou privados interesados no seu desenvolvemento.

**Polígono agroforestal corta lumes:** tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública caracterizado pola súa aplicación exclusiva en áreas corta lumes.

**Terra agroforestal:** aquel terreo que, independentemente da súa clasificación urbanística, posúa aptitude produtiva para o cultivo ou o aproveitamento agrícola, gandeiro, forestal ou mixto. Ós efectos desta lei, os conceptos “agrario” e “agroforestal” son sinónimos.

**Terra agroforestal en situación de abandono:** aquel terreo agroforestal no que non se realiza ningún tipo de actividade agrícola, gandeira ou forestal e que presenta unha cuberta herbácea, arbustiva ou arbórea espontánea na maior parte da súa superficie. Exceptúanse desta definición a terra en barbeito e a terra cuxos valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos deben ser obxecto de protección e poden verse afectados polo aproveitamento agroforestal.

**Terra agroforestal infrautilizada:** aquel terreo cuxa actividade ou uso non coincide co uso agrario, gandeiro ou forestal identificado no Catálogo de so agropecuario e forestal de Galicia ou nos catálogos parciais. No caso de los terreos incluídos no perímetro dun instrumento de recuperación de terra agraria, tamén se considerarán infrautilizados aqueles que non se poñan en produción nas condicións establecidas na correspondente declaración de utilidade pública e interese social.

**Terra en barbeito:** aquel terreo agroforestal que, temporal e voluntariamente, se atopa sen actividade co fin de recuperar a súa capacidade produtiva.

**Terra de antigo uso agrícola en situación de abandono:** aquel terreo, que independentemente do prazo que leve abandonado, conserve unha aptitude produtiva que permita recuperar o cultivo ou aproveitamento agrícola e onde actualmente, o titular do terreo, non leve a cabo ningunha actividade agrícola ou forestal.

**Zonas en situación de especial abandono:** zonas en cuxo perímetro exista unha situación produtiva que permita presumir un abandono non inferior ó 75% da súa superficie.



11



## 11) ANEXOS Ó DOCUMENTO

# Anexo I

Táboa resumo coas distintas figuras, e requisitos:

Táboa 4. Requisitos das diferentes figuras da Lei de Recuperación de Terras.

	Inicio	Requisitos
<b>Aldeas Modelo</b>	Solicitud dos concellos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acordo das persoas titulares que alcance o mínimo do 70% da superficie do perímetro proposto da aldea modelo.</li> <li>• O concello debe de estar adherido ao Sistema Público de Xestión da Biomasa.</li> <li>• Debe existir unha grave situación de abandono en un mínimo do 50% do perímetro proposto.</li> <li>• As terras incluídas no perímetro proposto posúen maioritariamente boas características produtivas.</li> </ul>
<b>Polígonos Agroforestais Públicos</b>	Solicitud dos concellos. Proxecto levado a cabo por AGADER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acordo dos propietarios de máis do 70% da superficie do polígono.</li> <li>• O estado de abandono ou infrautilización do perímetro proposto, non pode ser inferior ó 50% da superficie, excepto que os propietarios de máis do 70% da superficie se comprometan desde o inicio a manter ou poñer en produción as terras.</li> </ul>
<b>Polígonos Agroforestais Privados</b>	Promotor privado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O perímetro da superficie do polígono debe superar as 10 ha de extensión. Excepcionalmente, poderanse levar a cabo para perímetros menores, de existir circunstancias de índole ambiental, agroforestal ou socioeconómico que así o xustifiquen, debidamente acreditadas.</li> </ul>

# Anexo II

Neste anexo, establécese o protocolo de vixilancia de terras abandonadas.

Enténdese como terreo agroforestal en abandono aquel no que non se realiza ningún tipo de actividade agrícola, gandeira ou forestal e que presenta unha cuberta herbácea, arbustiva ou arbórea espontánea na maior parte da súa superficie. Exceptúanse de esta definición a terra en barbeito e as terras cuxos valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos deben de ser obxecto de protección e poden verse afectados polo aproveitamento agroforestal.

Non procederá a declaración de finca en estado de abandono, maila que cumpran a anterior definición, se compren algún dos seguintes supostos:

- a) Que se atopen en proceso de reestruturación parcelaria, dende o inicio das obras da rede de camiños principais ata pasados seis meses dende a toma de posesión.
- b) Que se trate dun monte veciñal en man común en situación de abandono, o cal se lle aplicará o réxime de declaración en estado de grave abandono prevista na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que substituirá, a todos os efectos, a declaración como finca en estado de abandono.

## O papel dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)

Como se menciona na Lei 11/2021 de Recuperación de Terras publicada no DOG o 14 de maio de 2021, o papel dos GDR na vixilancia das terras abandonadas é de especial interese xa que teñen a capacidade e os instrumentos necesarios para poder levar a cabo unha vixilancia máis exhaustiva do seu territorio e das posibles zonas de abandono.

Para poder declarar unha terra como abandonada, debese de seguir un procedemento administrativo que se especifica máis adiante. Sen embargo, o papel dos Grupos de Desenvolvemento Rural comeza con anterioridade.

Cando un concello se pon en contacto cos GDR para que fagan a vixilancia dos terreos, o primeiro que deben de facer estes é o de buscar no concello ou parroquia os posibles terreos en abandono..


Unha vez analizada que terreos son os que están en posible estado de abandono e a potencialidade dos cultivos nos mesmos, deben sacarse os datos da parcela para iniciar o procedemento (concello, zona, polígono, parcela, recinto e superficie).

## Recolección de datos

Como xa se mencionou no apartado anterior, o primeiro que se debe de facer é buscar no concello ou parroquia seleccionadas, os terreos en abandono. Isto pódese facer, mediante o cruce das diferentes capas do visor xeográfico LaboraTe (<https://estratexiasgdr.laborate.es/visor/>). Ademais, coa axuda do visor, pódese saber a aptitude da parcela para os diferentes cultivos.

A continuación descríbese como empregar o visor para seleccionar as terras en abandono.

O primeiro paso é o de seleccionar o GDR no que se atopa o concello ou parroquia, para ter unha zona de busca máis pequena. Para isto, abrimos a ventá de capas a dereita da pantalla, e despregamos a opción de Máscaras GDR, como podemos ver na imaxe inferior. A continuación, xa podemos seleccionar o GDR correspondente premendo sobre el.




Imaxe 29. Selección dos diferentes GDR no visor.

O seguinte paso, é o de buscar as masas CP con abandono ou as terras agrarias infrautilizadas. Na mesma ventá de capas que tiñamos no punto anterior, seleccionamos o apartado “Instrumentos de recuperación de Terras” e aparécenos novas opcións de selección.


As opcións de interese, neste caso, serían as de “Masas CP con abandono” e “Terra agraria infrautilizada”.






Imaxe 30. Instrumentos de recuperación de terras

A continuación, no mapa móstrase as Masas CP con abandono e terras agrarias infrautilizadas, como se mostra na imaxe inferior.



Imaxe 31. Masas CP con abandono e terras agrarias infrautilizadas.

No caso de quere ver a situación na que se atopa un Monte Veciñal e Man Común, deberemos de seguir os mesmos pasos. A única diferenza é que antes de comezar o proceso, debese seleccionar a capa correspondente ós Montes Veciñais de Man Común (MVMC), como se mostra na imaxe inferior.



Imaxe 32. Capa de Montes Veciñais de Man Común.

## Procedemento

- Este proceso será iniciado de oficio polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde se atope a finca, ou a maior superficie desta, tanto por iniciativa propia, por comunicación ou por denuncia.
- A iniciación do procedemento será publicado no DOGA, coa identificación precisa das fincas, e será notificada as persoas propietarias e a aquelas persoas que teñan dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos.
- Abrirase un prazo de 15 días hábiles de alegacións das persoas interesadas.
- Comparecencia no procedemento das persoas identificadas como propietarias e presentación dos títulos.
- No caso de que non sexa posible a identificación das persoas titulares das fincas, iniciarase o procedemento de investigación regulado no artigo 19 da Lei de recuperación de terras. A tramitación do procedemento de investigación non suspenderá a declaración da finca en estado de abandono.
- Na fase de instrución, a xefatura territorial da consellería correspondente elaborará un informe sobre o cumprimento dos requisitos de incorporación como terras en estado de abandono.
- En base o informe emitido, será elaborada unha proposta de resolución por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que será notificada ás persoas interesadas co fin de que, no prazo de 15 días, procedan á presentación de alegacións.
- O procedemento de declaración de abandono ou infrautilización de fincas deberá de ser tramitado no prazo máximo de un ano, contado dende a adopción do acordo de

inicio. Pasado o prazo sen notificarse a resolución do procedemento, producirase a súa caducidade .



# CONTACTO

Asociación de Grupos De  
Desenvolvemento Rural De Galicia  
Rúa San Marcos, s/n  
15318 – Abegondo  
(A Coruña)  
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

